

**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE E VOLUNTARIADO**

Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta.

O Parlamento de Galicia, en virtude da competencia que en materia de asistencia social lle atribúe o artigo 27.13º do Estatuto de autonomía, aprobou a Lei 4/2001, do 31 de maio, da mediación familiar. A dita lei ten por obxecto regula-la institución da mediación familiar en Galicia, como método de procura-la solución dos conflitos que poidan xurdir en supostos de crise matrimonial ou de parella. Para os efectos da lei, enténdese por mediación familiar a intervención de profesionais especializados requiridos voluntariamente e aceptados, en todo caso, polas partes en condición de mediador. A mediación poderá utilizarse tanto con carácter previo á iniciación de procedementos xudiciais como para acharlles saída a procedementos xudiciais en curso.

Xa que logo, a figura do mediador perfílase como elemento clave e vertebrador da institución da mediación familiar en Galicia. A Lei de mediación familiar, non obstante, non regula polo miúdo esta

figura, limitándose a establecer no artigo 5 a intervención, en cada procedemento de mediación, dunha persoa inscrita no rexistro de mediadores, que deberá reuni-los requisitos de experiencia profesional e formación específica que se establezan regulamentariamente. En todo caso, serán expertos en actuacións psico-socio-familiares.

Polo tanto, este decreto ten por obxecto a regulación da figura do mediador familiar así como a creación e regulación do Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia, no que preceptivamente deberán estar inscritos os mediadores para así poderen desenvolver axeitadamente a súa función, tal e como prescribe o artigo 18 da Lei reguladora da mediación familiar.

No seu desenvolvemento, o decreto ten en conta as pautas coas que a lei perfilou a institución mediadora e a figura do mediador, tendo así presente que a figura do mediador familiar se caracteriza por ser un profesional especializado, imparcial e independente, do que se require a súa actuación, por iniciativa das partes, para os efectos de facer posible a apertura de canles de comunicación entre elas, facilitándolles, con este fin, un procedemento de negociación que lles permita acadar solucións satisfactorias para as súas situacións de conflito familiar, sen atribuírlle, polo tanto, facultades decisorias ou dirimentes sobre o conflito, como é propio das arbitaxes.

Polo que antecede, en virtude das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta da conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado, de acordo co informe do Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta e un de xaneiro de dous mil tres,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto.

En desenvolvemento da Lei reguladora da mediación familiar, este decreto ten por obxecto:

a) Defini-lo concepto de mediador familiar e os requisitos de experiencia profesional e formación específica que estes deben posuír.

b) Regula-los dereitos e as obrigas dos mediadores familiares.

c) Establece-las causas de abstención e recusación dos mediadores familiares nos procesos de mediación.

d) Regula-lo procedemento de habilitación para a inscrición no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia.

e) Crear e regula-la organización e funcionamento do Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e a inscrición dos mediadores neste.

f) Regula-lo procedemento de designación dos mediadores familiares.

g) Regula-lo procedemento para o recoñecemento da mediación gratuíta.

Capítulo II

Dos mediadores familiares

Artigo 2º.-Concepto.

Considéranse mediadores familiares, para os efectos do disposto este decreto, aqueles profesionais especializados en actuacións psico-socio-familiares que, estando inscritos no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia, actúen en funcións de cooperación e auxilio a aquelas persoas que teñen ou tiveron unha relación familiar, para ofrecerlles unha solución pactada á súa problemática matrimonial ou de parella, no marco do previsto na Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

Artigo 3º.-Requisitos de habilitación para a inscrición no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia.

1. Para o exercicio da actividade de mediación familiar regulada na Lei 4/2001, do 31 de maio, e no presente decreto, cómpre estar inscrito no rexistro de Mediadores Familiares de Galicia.

2. Para obte-la correspondente habilitación para a inscrición no rexistro deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Ser titulado en dereito, psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, traballo social ou en educación social.

b) Ter desenvolvido, alomenos durante os dous anos inmediatamente anteriores á solicitude de habilitación para a inscrición, actividades profesionais no eido psico-socio-familiar.

c) Estar en posesión das licencias ou autorizacións pertinentes para o exercicio da súa actividade profesional e, se é o caso, inscrito no seu colexio profesional.

Artigo 4º.-Dereitos dos mediadores.

Os mediadores familiares, no exercicio da actividade de mediación, terán os seguintes dereitos:

a) A actuar con total liberdade e independencia no desenvolvemento da actividade mediadora.

b) A esixirlles ás partes durante o desenvolvemento da actividade mediadora o debido respecto ás súas actuacións.

c) A obter da consellería competente en materia de familia toda a axuda e o asesoramento que precisa para o mellor desenvolvemento da súa actividade.

e) A ter garantido o dereito ó segredo profesional nos termos previstos nas leis.

f) A dar por rematada a mediación no momento que aprecie nalgunha das partes falta de vontade ou exista unha incapacidade manifesta para chegar a un acordo ou que a continuidade da mediación

non sexa eficaz, nos termos previstos no artigo 15 da Lei 4/2001.

g) Ó cobramento dos seus honorarios, comunicados e aceptados antes de inicia-la mediación polas partes intervinientes.

Artigo 5º.-Obrigas dos mediadores.

Os mediadores familiares, no desenvolvemento da actividade mediadora, teñen as seguintes obrigas:

a) Actuar de xeito imparcial e neutral, debendo absterse cando concorra algunha das causas previstas no artigo 6º deste decreto.

b) Garanti-lo deber de segredo e confidencia nos termos previstos no artigo 11 da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

c) Exercer con dilixencia a actividade mediadora, sen poder abandonar ou renunciar a ela sen causa xustificada.

d) Exerce-la actividade mediadora mantendo o respecto ós intereses superiores e ó benestar dos nenos e das nenas.

e) Proporciona-la información sobre un procedemento de mediación en curso cando esta sexa requirida pola autoridade xudicial ou calquera información requirida polo Ministerio Fiscal no exercicio das súas funcións.

f) Tratar con respecto e dignidade as partes sometidas á mediación.

g) Facilita-la comunicación entre as partes, promove-la comprensión entre elas e axudar á procura de posibles solucións ó conflito suscitado.

i) Velar por que as partes tomen as súas decisións dun xeito libre, voluntario e informado.

j) Asistir persoalmente ás reunións ou sesións de mediación, sen que poida valerse de representantes ou outros intermediarios.

k) Remitir á consellería competente en materia de familia copia do informe da xuntanza inicial e da acta que poña fin ó proceso de mediación.

l) Poñer inmediatamente en coñecemento da autoridade xudicial ou do Ministerio Fiscal os indicios de comportamentos que supoñan unha ameaza para a vida ou a integridade física ou psíquica dalgunha das persoas afectadas pola mediación.

m) Subministrarlle á consellería competente en materia de familia todos aqueles datos que lles sexan requiridos de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 6º.-Da abstención e recusación dos mediadores.

1. Os mediadores familiares nos que concorra algunha das circunstancias previstas no punto seguinte deste artigo deberán absterse de intervir nos procedementos de mediación e deberán comunicalo de inmediato á consellería competente en materia de familia, que resolverá o que proceda.

2. Son causas de abstención:

a) Ter interese persoal no asunto obxecto de mediación ou en calquera outro que poida influír directamente ou indirectamente nel.

b) Ter cuestión litixiosa pendente con algunha das partes intervinientes na mediación.

c) Ter vínculo de parentesco por consanguinidade ou afinidade ata o cuarto grao con algunha das partes intervinientes na mediación, cos seus asesores, representantes legais ou mandatarios, así como comparti-lo despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

d) Ter amizade íntima ou enemizade manifesta con algunha das persoas citadas no punto anterior.

e) Ter intervido como perito ou testemuña no proceso xudicial previo á mediación.

f) Ter relación de servizo coas partes intervinientes na mediación ou terlles prestado servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar, agás servizos de mediación familiar no ámbito desta norma, nos dous anos anteriores ó inicio do procedemento de mediación.

3. No suposto de que concorra algunha das circunstancias previstas no número 2 e o mediador non decline a súa designación, calquera das partes pode, en calquera momento do proceso, recusa-la súa designación mediante escrito motivado no que se faga consta-la causa ou causas da recusación.

A recusación será resolta, oído o mediador, polo titular da dirección competente en materia de familia.

Capítulo III

Procedemento para obte-la habilitación para a inscrición no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia

Artigo 7º.-Solicitudes e documentación.

1. Os interesados na obtención da habilitación para a inscrición no rexistro de mediadores familiares presentarán solicitude conforme o modelo que figura no anexo I, xunto coa documentación que se relaciona nel, na dirección xeral competente en materia de familia, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. No caso de que a documentación requirida segundo o anexo I resulte incompleta ou defectuosa, a dirección xeral competente en materia de familia requirirá o solicitante para que nun prazo de 10 días achegue os documentos preceptivos ou emende os defectos observados, con indicación de que, se non o fixese así, de acordo co artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se considerará desistido da súa petición, logo da resolución que deberá dictarse nos termos previstos no artigo 42 da citada lei.

Artigo 8º.-Resolución.

1. Correspóndelle á dirección xeral competente en materia de familia a resolución das habilitacións para a inscrición no rexistro no prazo máximo de dous meses desde a presentación da solicitude do interesado. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, a solicitude entenderase estimada.

2. Contra a antedita resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante o titular da consellería competente en materia de familia, no prazo dun mes que comezará a contar desde o día seguinte ó da súa notificación.

3. Unha vez concedida a habilitación para a inscrición, a Administración procederá de oficio a esta no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia, de acordo co disposto no artigo 12 deste decreto.

Artigo 9º.-Vixencia da inscrición no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia.

1. A inscrición terá unha vixencia de dous anos, quedando prorrogada tacitamente por períodos anuais, agás no suposto de que o mediador solicite a súa baixa cun prazo de antelación mínima dun mes á data de vencemento. Neste caso, o mediador estará obrigado a remata-las mediacións que teña pendentes.

Capítulo IV

Do Rexistro de Mediadores Familiares

Artigo 10º.-Creación.

1. Créase o Rexistro de Mediadores Familiares e adscríbese á consellería competente en materia de familia.

2. No rexistro, que será xestionado a través da dirección xeral competente en materia de familia, deberán ser inscritas todas aquelas persoas que cumpran os requisitos esixidos no artigo 3 da presente disposición.

3. O Rexistro de Mediadores Familiares constitúese como un instrumento básico de coñecemento, control, ordenación, organización e publicidade dos mediadores inscritos.

Artigo 11º.-Da organización do rexistro.

1. O rexistro constará materialmente dun libro diario e un ficheiro auxiliar de mediadores que se levarán simultaneamente sobre soportes escritos e informáticos.

2. Cada mediador abrirá folio no libro de rexistro e asignaráselle un número diferente e correlativo, no que se farán consta-los datos establecidos no artigo seguinte.

3. O rexistro de mediadores familiares agrupará as inscricións por partidos xudiciais nos que os mediadores desenvolvan a súa actividade, para os efectos de facilita-las consultas.

4. As inscricións realizaranse seguindo a orde temporal de habilitación dos mediadores e sendo da mesma data por orde alfabética.

5. O responsable do rexistro realizará as anotacións nel, velará polo seu bo funcionamento e facilitará o acceso de todas aquelas persoas interesadas en acceder ós servizos de mediación familiar.

Artigo 12º.-Da inscrición e anotacións no Rexistro de Mediadores Familiares.

1. A inscrición no Rexistro de Mediadores Familiares será practicada de oficio unha vez comprobados os requisitos esixidos no artigo 3º desta disposición.

2. No folio rexistral de cada mediador farase constar expresamente:

a) Os datos precisos para a identificación persoal do mediador.

b) A titulación e actividade profesional do mediador, debendo constar, en todo caso, o seu domicilio profesional.

c) Data da inscrición, así como das sucesivas prórrogas.

d) As posibles sancións impostas ós mediadores no exercicio das súas funcións.

e) A data das altas e baixas voluntarias do mediador, se é o caso.

3. Os mediadores familiares están obrigados a comunicarlle ó rexistro de mediadores calquera variación dos datos iniciais de inscrición.

Artigo 13º.-Da publicidade do rexistro.

1. O Rexistro de Mediadores Familiares é público e o acceso a este polos cidadáns exercerase nos termos e condicións previstos no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O acceso ós datos do rexistro realizarase mediante solicitude por escrito do interesado dirixida ó seu responsable, na que se explicitarán as causas polas que se require.

3. A resolución pola que se denegue o acceso ó rexistro deberá ser motivada.

Capítulo V

Da designación dos mediadores familiares

Artigo 14º.-Designación dos mediadores familiares polas partes.

1. O mediador familiar será designado de común acordo polas partes de entre os inscritos no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia, logo de solicitude formalizada ante da dirección xeral competente en materia de familia (anexo II).

2. Recibida a solicitude, e unha vez comprobado que o mediador designado nela figura inscrito no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia, o titular da dirección xeral competente en materia de familia emitirá resolución na que se designe o mediador, no prazo de 10 días contados desde o seguinte ó da presentación da solicitude, que lles será notificada ós interesados.

Artigo 15º.-Designación dos mediadores pola consellería competente en materia de familia.

Procederá a designación pola consellería competente en materia de familia nos seguintes supostos:

1. Acordo das partes na utilización do procedemento de mediación pero non sobre o mediador.

2. Presentación da solicitude de mediador por unha soa das partes. Nestes supostos a consellería competente en materia de familia deberá solicitar, con carácter previo á designación do mediador, o consentimento da outra parte.

3. Interrupción da mediación por desistimento do mediador ou por desacordo das partes co mediador, mantendo a vontade de continuar co proceso de mediación, se non se designase un novo mediador polas partes.

4. Abstención ou recusación do mediador designado, cando as partes non cheguen a un acordo para a designación dun novo mediador.

Artigo 16º.-Procedemento para a designación do mediador pola consellería competente en materia de familia.

1. Nos supostos previstos nos puntos 1 e 2 do artigo anterior, as partes deberán presentar solicitude normalizada de designación do mediador ante a dirección xeral competente en materia de familia (anexo II).

Para os supostos previstos nos puntos 3 e 4 do artigo 15º, a consellería competente en materia de familia designará de oficio o mediador, unha vez acreditada a vontade das partes de continuar co proceso de mediación.

2. O mediador familiar designarase, de acordo cos criterios de orde temporal das inscricións no rexistro e de rotación entre tódolos agrupados, en función do partido xudicial nos que os mediadores desenvolvan a súa actividade, tendo en conta o disposto nos números 2 e 3 do artigo 11 deste decreto.

3. O titular da dirección xeral competente en materia de familia dictará resolución de designación do mediador no prazo de 10 días, contados desde o seguinte ó da presentación da solicitude ou, de se-lo caso, desde o seguinte á aceptación do desestimento, abstención ou recusación.

4. Esta resolución seralles notificada ós interesados e ó mediador designado.

Artigo 17º.-Designación do mediador na mediación gratuíta.

Nos supostos nos que xunto coa designación do mediador se solicite o recoñecemento da gratuidade da mediación, nas resolucións de designación de mediador deberase facer constar tal extremo, indicando a obriga dos interesados de aboa-las tarifas ocasionadas polos servicios efectivamente prestados polos profesionais designados, no caso de non obter o recoñecemento do dereito á mediación gratuíta.

Capítulo VI Da mediación gratuíta

Artigo 18º.-Procedemento para o recoñecemento da mediación gratuíta.

1. Os solicitantes que reúnan, ou poidan reunir, a condición de beneficiarios do dereito de asistencia xurídica gratuíta de conformidade cos criterios establecidos na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, deberán solicitar, xunto coa designación do mediador, o recoñecemento da mediación gratuíta (anexo III), achegando, se é o caso, a documentación acreditativa.

2. A dirección xeral competente en materia de familia comprobará e solicitará a información que considere precisa para verifica-la exactitude e realidade dos datos declarados polos solicitantes.

3. Analizada a solicitude e os documentos xustificativos, a dirección xeral competente en materia de familia resolverá, no prazo máximo de trinta días, contados a partir da recepción da solicitude ou da emenda dos defectos observados, sobre o recoñecemento da mediación gratuíta, comunicándollela ós interesados e ó mediador designado.

4. Se os solicitantes tiveran iniciado un proceso xudicial de dereito de familia e recoñecido para este o dereito de asistencia xurídica gratuíta, a dirección xeral competente en materia de familia resolverá automaticamente a gratuidade da mediación, logo da xustificación documental.

5. Nos supostos previstos no parágrafo anterior, se o dereito de asistencia xurídica gratuíta estivese pendente de determinación, a dirección xeral competente en materia de familia non resolverá sobre a gratuidade da mediación ata a resolución daquela.

Disposición adicional

A consellería competente en materia de familia poderá asinar convenios de colaboración cos correspondentes colexios profesionais ou asociacións para a atención da mediación gratuíta prevista no artigo 9 da Lei 4/2001, reguladora da mediación familiar.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o cumprimento e desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta e un de xaneiro de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE E VOLUNTARIADO**

Corrección de erros.-Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta.

Advertidos erros no devandito decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 34, do martes, 18 de febreiro de 2003, cómpre a súa corrección:

Na páxina 1.820, no capítulo II, no artigo 2º, onde di: «...para os efectos do disposto este decreto...», debe dicir: «...para os efectos do disposto neste decreto...».

Na páxina 1.822, no capítulo V, no artigo 14º, punto 1, onde di: «...logo de solicitude formalizada ante da dirección xeral...», debe dicir: «...logo de solicitude formalizada ante a dirección xeral...».

Así mesmo, advertidos erros nos anexos que se xuntan ó dito decreto, procede substituílos polos que se publican a seguir:

ANEXO I**CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO**

PROCEDEMENTO REXISTRO DE MEDIADORES FAMILIARES DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO FM426A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS XERAIS OU DE IDENTIFICACIÓN DOS SOLICITANTES

DON / DONA				
ENDEREZO				DNI
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
DOMICILIO SOCIAL				
TITULACIÓN ACADÉMICA		PARTIDO XUDICIAL DE EXERCICIO DA MEDIACIÓN		

SOLICITA: a súa inscrición no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia.

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN

- FOTOCOPIA DO DNI.
- FOTOCOPIA COMPULSADA DO TÍTULO UNIVERSITARIO.
- CERTIFICADO ACREDITATIVO DA EXPERIENCIA PROFESIONAL.
- XUSTIFICACIÓN ACREDITATIVA DE ESTAR EN POSESIÓN DAS LICENCIAS OU AUTORIZACIÓNS PERTINENTES PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE PROFESIONAL.
- XUSTIFICACIÓN ACREDITATIVA DE TER SATISFEITAS AS TAXAS POR SERVICIOS ADMINISTRATIVOS DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO TÍTULO II DO DECRETO LEXISLATIVO 1/1992, DO 11 DE ABRIL.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE de de 200

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

Director/a. Xeral de Familia da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado

ANEXO II



CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE DESIGNACIÓN DE MEDIADORES FAMILIARES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO FM426B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

1.- DATOS PERSOAIS DOS SOLICITANTES

1.1.-		
APELIDOS	NOME	NIF
ESTADO CIVIL	LUGAR DE NACEMENTO	
DATA DE NACEMENTO	DOMICILIO (RÚA)	Nº PISO
LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	PROFESIÓN
DISPÓN DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> EN TRAMITACIÓN		
1.2.-		
APELIDOS	NOME	NIF
ESTADO CIVIL	LUGAR DE NACEMENTO	
DATA DE NACEMENTO	DOMICILIO (RÚA)	Nº PISO
LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	PROFESIÓN
DISPÓN DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> EN TRAMITACIÓN		

2.- OUTROS DATOS

- SOLICITUDE:

CONXUNTA INDIVIDUAL

(NO CASO DE SOLICITA-LA MEDIACIÓN UN DOS MEMBROS DA PARELLA, DEBERÁ FACER CONSTA-LOS DATOS DA OUTRA PARTE PARA QUE A ADMINISTRACIÓN POIDA SOLICITA-LO SEU CONSENTIMENTO).

- INICIOUSE UN PROCESO XUDICIAL: SI NON

- PARTIDO XUDICIAL NO QUE SE INICIOU OU SE DEBERÍA INICIAR: _____

- RELACIÓN ENTRE AS PARTES:

MATRIMONIO UNIÓN ESTABLE DE PARELLA PERSOAS CON FILLOS COMÚNS

- MOTIVOS PARA SOLICITA-LA MEDIACIÓN:

MEDIACIÓN TOTAL

MEDIACIÓN PARCIAL

CUSTODIA DOS FILLOS

EXERCICIO DA POTESTADE DO PAI OU DA NAI

RÉXIME DE VISITAS DOS FILLOS

USO DA VIVENDA FAMILIAR

MATERIAS ECONÓMICAS (PENSIÓN DE ALIMENTOS ENTRE PARENTES, OUTROS ASPECTOS ECONÓMICOS)

BREVE EXPLICACIÓN DOS MOTIVOS POLOS QUE SE SOLICITA A MEDIACIÓN:

- DESIGNACIÓN DO MEDIADOR:

PARA REALIZAR POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE FAMILIA

REALÍZANA AS PARTES

NOME E APELIDOS DO MEDIADOR PROPOSTO: _____

SOLICITO A MEDIACIÓN E ACEPTO AS DISPOSICIÓN E A TRAMITACIÓN ESTABLECIDA POLA LEI 4/2001, DO 31 DE MAIO, REGULADORA DA MEDIACIÓN FAMILIAR, ASÍ COMO AS TARIFAS ESTABLECIDAS.

LEXISLACIÓN APLICABLE Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta.
SINATURA DO SOLICITANTE _____, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

**ANEXO III
SOLICITUDE DE MEDIACIÓN FAMILIAR GRATUÍTA**

1.- NOMES DOS SOLICITANTE/S

2.- DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN Á SOLICITUDE DE MEDIACIÓN GRATUÍTA

FOTOCOPIA DA DECLARACIÓN DA RENDA DO ÚLTIMO ANO OU, SE É O CASO, CERTIFICACIÓN NEGATIVA ACREDITATIVA QUE EXPIDE A DELEGACIÓN DE FACENDA.

CERTIFICACIÓN DE FACENDA SOBRE A DECLARACIÓN DO PATRIMONIO.

CERTIFICACIÓN DO CONCELLO DO CATASTRO E IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

FOTOCOPIA DO RECIBO DE ALUGUER DA VIVENDA.

FOTOCOPIA DO LIBRO DE FAMILIA.

NÓMINA DO ÚLTIMO MES OU CERTIFICACIÓN DO INEM ACREDITATIVA DE ESTAR EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO OU DE PERCEPCIÓN DE PRESTACIÓNS, SE É O CASO.

NO CASO DE PENSIONISTAS: CERTIFICACIÓN DO INSS, IS DA MARIÑA, ONCE E DAS PRESTACIÓNS QUE PERCIBE NA SÚA CONDICIÓ DE PENSIONISTA.

DECLARACIÓN XURADA DE INGRESOS (NO CASO DE NON TER NÓMINA).

INFORME DA VIDA LABORAL QUE EXPIDE A TESOURERÍA DA SEGURIDADE SOCIAL.

SENTENCIA DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO E CONVENIO REGULADOR, SE É OCASO.

CERTIFICADO DE SIGNOS EXTERNOS, EXPEDIDO POLO CONCELLO.

3.- DATOS ECONÓMICOS DA UNIDADE FAMILIAR

A. SOLICITANTE

INGRESOS BRUTOS ANUAIS: IMPORTE _____ CONCEPTO _____

BENS INMOBLES EN PROPIEDAD

TIPO _____	VALORACIÓN _____	CARGAS _____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

BENS MOBLES EN PROPIEDAD

TIPO _____	VALORACIÓN _____	MATRÍCULA (VEHÍCULOS) _____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

VIVENDA EN ALUGUER SI NON

OUTROS DATOS DE INTERESE _____

B. SOLICITANTE / PARELLA (INGRESOS E BENS PROPIOS)

INGRESOS BRUTOS ANUAIS: IMPORTE _____ CONCEPTO _____

BENS INMOBLES EN PROPIEDAD

TIPO _____	VALORACIÓN _____	CARGAS _____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

BENS MOBLES EN PROPIEDAD

TIPO _____	VALORACIÓN _____	MATRÍCULA (VEHÍCULOS) _____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

C. FAMILIA QUE CONVIVE CO SOLICITANTE

INGRESOS BRUTOS ANUAIS: _____ PARENTESCO _____

BENS MOBLES E INMOBLES EN PROPIEDAD

TIPO _____	VALORACIÓN _____
_____	_____

INGRESOS BRUTOS ANUAIS: _____ PARENTESCO _____

BENS MOBLES E INMOBLES EN PROPIEDAD

TIPO _____	VALORACIÓN _____
_____	_____

INGRESOS BRUTOS ANUAIS: _____ PARENTESCO _____

BENS MOBLES E INMOBLES EN PROPIEDAD

TIPO _____	VALORACIÓN _____
_____	_____

4.- DECLARACIÓN RESPONSABLE DO SOLICITANTE

O solicitante declara que tódolos datos que constan neste impreso son certos, completos e sen ningunha omisión.

Así mesmo, o solicitante de mediación gratuita declara saber que:

- A desestimación da pretensión pola consellería competente en materia de familia implicará, se é o caso, o aboamento dos honorarios e dereitos económicos ocasionados pola intervención do profesional designado.
- A declaración errónea, falsa ou con ocultación de datos relevantes suporá a revogación do recoñecemento do dereito, dando lugar á obriga do pagamento das prestacións obtidas, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde que correspondan.

_____, ____ de _____ de 200__.

Sinatura do solicitante Sinatura da solicitante

Director/a. Xeral de Familia da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Orde do 19 de febreiro de 2003 pola que se clasifica como de interese cultural a Fundación Rogelio Groba.

Visto o expediente de clasificación da *Fundación Rogelio Groba*; con domicilio en Ponteareas (Pontevedra).

Supostos de feito.

1. A fundación formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A fundación foi constituída en escritura pública outorgada en Ponteareas (Pontevedra), o día 13 de decembro de 2002, ante o notario José Manuel Gómez Varela, co número tres mil trescentos corenta e nove do seu protocolo, por Rogelio Groba Groba, María Manuela Otero Suárez, María Dolores Groba Otero, Rogelio Celso Groba Otero e Clara Groba Otero; todos eles interveñen en nome e representación propia.

3. O obxecto da fundación é, segundo establece o artigo 6 dos seus estatutos, a protección, estudio, coidado e difusión da obra musical de Rogelio Groba Groba. Para este fin poderá sumarse a promoción da música culta, e en xeral, mediante as actividades que se consideren axeitadas ou convenientes en cada momento.

4. O padroado da fundación estará integrado por Rogelio Groba Groba como presidente, María Manuela Otero Suárez como vicepresidenta e María Dolores, Rogelio Celso e Clara Groba Otero como vocais.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de tódalas consellerías eleva ó conselleiro da Pre-

sidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública proposta de clasificación como de interese cultural da *Fundación Rogelio Groba*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos esixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime das fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como de interese cultural e a súa adscrición á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Fundamentos de dereito.

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, correspóndelle a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día 18 de febreiro de 2003.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 7/1983, do 22 de xuño, e a Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da anterior,